



UNIVERSIDADE DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
 D. Salustiano Mato de la Iglesia
 D. Pedro Merino Gómez
 D. Javier de Vicente Remesal
 D. Antón Fernández Álvarez
 D. Juan M. Suárez Creo
 D. Jose M. Da Rocha Álvarez
 D. Xosé Manuel Cid Fernández
 D. Julio Taboada Pérez
 D^a. Margarita Estévez Toranzo
 D^a. M^a Luisa Alonso Escontrela
 D. J. Angel Álvarez Moreira
 D. Manuel Angel Candelas Colodrón
 D. Victor Cardador González
 D. Juan Carlos Carpintero Sánchez
 D. José Cidrás Pidre
 D. Eusebio Corbacho Rosas
 D. Xosé Enrique Costas González
 D. Guillermo De Oca Cancela
 D. Manuel Fernández Areal
 D. José Ramón Fernández Bernández
 D. Manuel Fernández Cruz
 D. Alberto Gago Rodríguez
 D. José Manuel García Vázquez
 D. José M^a Gil Villanueva
 D. Alejandro V. Gómez Soler
 D^a. M^a del Pilar López Vidal
 D. Víctor M. Martínez Cacharrón
 D. Andrés Mazaira Castro
 D. Pedro Membiela Iglesia
 D. Luis Pérez Gómez
 D. Juan Pérez de Obanos Herrero
 D. Mariano Pérez-Mtnez Pérez-Amor
 D. José Pose Blanco
 D. Manuel Reigosa Roger
 D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
 D^a. M^a Elena Sánchez Trigo
 D. Juan Carlos Suris Regueiro
 D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo
 D. Xoan Xosé Santamaría Conde(UXT)
 D. Cándido Pérez Betanzos (CIG)
 D. Josefina Álvarez Andrés (CCOO)

DESCULPA ASISTENCIA

D. Federico Vilas Martín
 D. Luis Espada Recarey
 D. José Durany Castrillo
 D. Manuel Gutiérrez Nieto

Acta da sesión ordinaria da Xunta de
 Goberno da Universidade de Vigo, de tres de
 marzo de dous mil, ás 9:30 horas en primeira
 convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na
 Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de
 Telecomunicación

O venres, **día 3 de marzo de 2000**, ás
 10 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta
 de Goberno co obxecto de tratar os seguintes
 puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (10-2-2000).
- 2.- Informe do Rector.
- 3.- Aprobación, se procede, da normativa para o nomeamento de profesores eméritos.
- 4.- Asuntos de profesorado (prazas BOE, transformacións, visitantes e permisos).
- 5.- Aprobación, se procede, das normas de organización docente e de contratación de profesorado.
- 6.- Plano de estudos de Enxeñeiro Técnico en Informática de Xestión.
- 7.- Límite de prazas para o curso 2000-2001.
- 8.- Aprobación, se procede, da normativa de adquisición de material a utilizar na docencia práctica.
- 9.- Proposta do representante da Universidade de Vigo no Consello Rector da Escola Galega de Administración Pública.
- 10.- Debate sobre:
 - a) a execución da partida orzamentaria 484.01 (Subvencións Asociacións Estudiantes) no ano 1999.
 - b) as concesións de axudas de Accións Participativas e Asociacionismo " Álvaro de las Casas " do ano 1999.
- 11.- Modificación, se procede, da Convocatoria de Accións Participativas e Asociacionismo " Álvaro de las Casas ", do ano 2000.
- 12.- Rogos e preguntas.

Punto 1.*Acta 10-2-2000*

Acéptanse as seguintes alegacións:

- do profesor R. Berrocal (o final do informe do Rector : " o profesor Pérez Amor considera que sí e solicita que sexa incluído como un punto da orde do día na vindeira Xunta de Goberno ").

- do Sr. Álvarez Moreira (no punto 6, artigo 4, engadir ó final da súa intervención "unha vez rematada a lectura, fai constar que, caso de aprobarse a proposta do artigo 4, non poderá beneficiarse da mesma xa que lle sobran créditos de libre elección").

- do Sr. Santamaría, en representación de FETE/UGT:

a) suprimir no punto 3 o parágrafo " concretamente indica que nas solicitudes de transformación da área de Química Orgánica, a data de Comisión de Docencia é de 1 de febreiro e a do Consello de Departamento, de 2 de febreiro." seguinte a súa intervención sobre as incoherencias de datas nas solicitudes de prazas tramitadas pola Comisión de Docencia.

b) engadir ó final " e non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión".

Únese, como anexo á acta, o texto íntegro das alegacións do Sr. Santamaría e do Sr. Gómez Soler.

Sométese a votación:

A favor	23 votos
En contra	1 votos
Abstencións	2 votos

Punto 2. Informe do Rector.

Neste punto o Rector informa sobre as conversas coa dirección da Escola Universitaria de Relacións Laborais sobre a futura integración da mesma (que pasa pola redución do número de entrada de estudantes) e sobre as eleccións de estudantes ó Claustro que terán lugar o día 4 de abril.

Indica ademáis que non hai novidades recentes da Xunta en temas de promoción e estabilización do profesorado.

Informa á Xunta de Goberno da solicitude dos profesores Faro Rivas e Fernández Manín para intervir no punto 4 e do novo representante en representación de CC.OO (trátase da profesora Josefina Álvarez que substitúe a Nieves Redondo).

Por último anuncia a retirada do punto 9 (" Proposta do representante da Universidade

de Vigo no Consello Rector da Escola Galega de Administración Pública") ata a seguinte Xunta de Goberno.

Punto 3. Normativa para o nomeamento de profesores eméritos.

Despois da intervención do Vicerrector de Profesorado o Sr. Santamaría propón que para acceder a profesor emérito se esixan 20 anos de antigüidade e deles, un mínimo de 10 na Universidade de Vigo. Non se acepta esta proposta e sométese o texto a votación:

A favor	29 votos
En contra	0 votos
Abstencións	0 votos

Apróbase .

Punto 4. Asuntos de profesorado.

Prazas BOE. Apróbanse por asentimento:

C10	280	TIT-UN	Vigo	Alejo Flores, Irene
H06	814	TIT-UN	Vigo	Pérez Rodríguez, José Enrique
T03	590	TIT-UN	Vigo	Fernández Seara, Jose
T10	595	TIT-UN	Vigo	Varas Mérida, Fernando
T12	560	TIT-UN	Vigo	Gil Solla, Alberto
T12	560	TIT-UN	Vigo	Pousada Carballo, José María
X07	230	TIT-UN	Vigo-Ourense	----
X09	095	TIT-UN	Vigo	García Rodríguez, M ^a José

O profesor Costas pide que conste a súa protesta pola aceptación da anormalidade ortográfica no galego da proposta de praza BOE no Departamento de Traducción, Lingüística e Teoría da Literatura.

O Sr. Santamaría di que a ortografía oficial non é o mesmo que a lingua oficial e pide que conste a súa queixa pola intervención anterior.

Transformacións: Apróbanse por asentimento:

X02	180	Suárez Blázquez, Virginia	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
T10	595	Calvo Ruibal, Natividad	de PP1 a TIT-UN interino

En relación coa solicitude de transformación de D. Iván Area, intervén o Vicerrector de Profesorado, que comeza recordando os artigos do regulamento de profesorado relativos á

promoción. A continuación succédense varias intervencións:

O profesor Corbacho di que o Consello de Departamento de Matemática Aplicada interpretou o artigo 19 do regulamento de profesorado, no sentido de que é este órgano colexiado quen decide a que tipo de promoción acceden os profesores. Di que a praza de PP1 que ten o profesor Area foi cuberta de forma improcedente e que hai razóns para promocionar de xeito diferente a dous profesores do Departamento. Opina que a decisión da Comisión de Docencia de pasar ó profesor Area a Titular Interino vai en contra da consolidación doutros profesores (aínda que sexan asociados) e que por iso o Departamento propón que a praza se remita directamente ó BOE, sen perfil, que Consello de Universidades propoña o tribunal e que gañe o mellor.

O profesor Membiela di que se está a facer un agravio comparativo por parte do Departamento, que vai en contra da carreira docente. Opina que a proposta do Departamento incumpre a normativa xa que o interesado pide a transformación en TUI.

O profesor R. Berrocal di que o artigo 19, antes citado, debe interpretarse no sentido de que é o Departamento quen debe decidir sobre o tipo de praza.

O profesor Candelas comparte a opinión anterior e di que noutro caso non sería necesario o Consello de Departamento.

O profesor Gago di que se ben a proposta do Departamento está amparada no regulamento de profesorado, esta norma debe utilizarse de forma razoable. Neste caso, obsérvase que a decisión do Departamento non responde a unha política de prazas nin a unha estratexia do Departamento pois se presentan 3 casos (profesores Varas, Calvo e Area) tratados de xeito diferente. Isto sería unha excepción na Universidade de Vigo (porque prexudica a quen ocupa unha praza consolidable) que vai en contra do espírito dos Estatutos. Di que as expectativas de promoción de profesores non consolidables do Departamento (ós que aludía o profesor Corbacho) non se lesionan xa que estes non teñen dereito a promoción e, en todo caso, un asociado doutor sempre podería concursar.

O profesor Faro (membro do Departamento) le un escrito asinado por profesores do Departamento e resume un texto sobre a interpretación do artigo 19.1 b) do regulamento de profesorado (anexo I)

A profesora Fernández Manín (membro do departamento) di que non hai argumentos científicos nin académicos para denegar a transformación do profesor Area. Que o que sí perxudica ó Departamento é unha saída a BOE nos termos propostos polo Departamento. Di que hai actuacións anteriores do profesor Corbacho (cando era Vicerrector de Profesorado) semellantes ás do Vicerrector de Profesorado en relación co nomeamento do profesor Area como PP1.

A profesora Álvarez Andrés (en representación de CCOO) di que coa proposta do Departamento se fai unha inxusticia, que se fai un agravio comparativo e que non se debe impedir a promoción natural do profesorado.

O profesor Corbacho pregunta a que se refire a profesora Fernández Marín cando fala de

actuacións anteriores.

A profesora Fernández Manín aporta documentación . (Anexo I)

O Vicerrector de Profesorado responde en conxunto ás intervencións e vótase entre as dúas propostas seguintes:

- 1) Transformación do profesor Área a Titular Interino de Universidade.
- 2) Transformación nos termos propostos polo Departamento (directamente a BOE).

A favor da proposta 1: 20 votos.

A favor da proposta 2: 5 votos

En branco: 4 votos.

Apróbese a proposta 1.

Visitantes: Apróbanse por asentimento os seguintes:

- D^a. Diana Valverde Pérez, coa categoría de Titular de Universidade, desde o 05-04-00 ata o 30-09-00, no Departamento C03 de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía.
- D. Ángel Sebastián Comesaña Calvo, coa categoría de Titular de Universidade, desde o 22-06-00 ata o 30-09-00, no Departamento C03 de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía.
- D. Jesús Fernández Martín, coa categoría de Titular de Universidade, desde o 23-06-00 ata 30-09-00, no Departamento de C03 de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía.
- D. Saturnino Muñoz Martínez, coa categoría de Profesor Visitante-Titular de Universidade desde o 21-02-00 ata o 30-09-00, no Departamentno C03 de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía.
- D. Xosé Manuel Pérez Sardiña, coa categoría de Titular de Escola Universitaria desde 04-03-00 ata o 30-09-00, no Departamento H03 de Filoloxía Galega e Latina.
- D. Maj-Britt Larka Abellán, coa categoría de Titular Escola Universitaria desde 04-03-00 ata o 30-09-00 no Departamento T06 de Enxeñería de Recursos Naturais e MedioAmbiente.
- M^a Elisa Alén González, coa categoría de Titular de Escola Universitaria desde o 21-02-00 ata o 30-09-00, no Departamento X09 de Organización de Empresas e Marketing.

Permisos:

- D. Carlos de Miguel Palacios, dende o 15-09-00 ó 15-12-00.
- D. Baltasar Manzano González, dende 15-09-00 a 15-12-00

Apróbanse por asentimento.

Punto 5. Normas de organización docente e de contratación de profesorado.

Documento I: Normas de organización docente.

O Vicerrector de Organización Académica fai un resumo do texto que foi aprobado pola COAV no que se engade (con respecto o texto que figura na documentación) un apartado na páxina 1 relativo ás materias nas que hai unha porcentaxe de suspensos superior ó 80%.

O profesor R. Berrocal propón que os grupos prácticos nas materias específicas de libre elección sexan de 50 e non de 36 alumnos. O Vicerrector acepta esta proposta.

A profesora López Vidal propón que se contabilicen tamén como alumnos novos aqueles que non consumiron convocatoria.

A profesora Sánchez Trigo quere que conste en acta a preocupación do seu Departamento polo número de alumnos por grupo práctico.

O Sr. Gómez Soler le o seguinte escrito do Sr. Álvarez Moreira:

Sométense a votación varias propostas.

Proposta da profesora L.Vidal (sobre a contabilización de alumnos novos):

A favor do texto 17 votos

A favor da proposta	3 votos
Abstencións	5 votos

Mantense o texto.

Proposta do Sr. Álvarez Moreira (sobre o número de grupos de docencia):

A favor do texto	19 votos
A favor da proposta	2 votos
Abstencións	4 votos

Mantense o texto.

Proposta do Sr. Álvarez Moreira (sobre o número de alumnos por grupo):

A favor do texto	19 votos
A favor da proposta	4 votos
Abstencións	2 votos

Mantense o texto.

Retírase a proposta do Sr. Álvarez Moreira sobre as materias que estean na situación do artigo 34.3 d do regulamento de profesorado (menos do 20 % de aprobados).

Acéptase a proposta do Sr. Álvarez Moreira de limitar a dúas o número de horas de clase teórica que poden recibir diariamente os estudantes dunha mesma materia.

Retírase o resto da proposta relativa a horarios de docencia.

Vótase en conxunto o documento I:

A favor	23 votos
En contra	2 votos
Abstencións	5 votos

Apróbanse as normas de organización docente.

A profesora L. Vidal quere que conste en acta o seu voto en contra.

Documento II. " Docencia en terceiro ciclo e traballos docentes dos bolseiros "

O Vicerrector de Investigación explica que, con respecto á redacción anterior, fíxose unha redacción mais clara do punto 3 (traballos docentes dos bolseiros) e do punto 2 (teses presentadas na Universidade de Vigo). Ademais, engadiuse contratos no último parágrafo do texto.

O profesor Candelas indica que o último parágrafo do punto 1 (cómputo de docencia no 3º ciclo) debería quedar supeditado á aprobación das normas de contratación do profesorado.

O profesor R. Berrocal propón que se manteña ese parágrafo e que das 15 horas de docencia computadas por cada crédito de terceiro ciclo se contabilicen 5 como persoal consolidable e 10 como persoal non consolidable.

O profesor Santamaría propón que para o curso 2000-01 se teñan tamén en consideración as teses dirixidas fora da Universidade de Vigo. Sométese esta proposta a votación.

A favor	16 votos
En contra	2 votos
Abstencións	8

Non se inclúe.

Queda pendente a votación global ata a aprobación das normas de contratación de profesorado.

Documento III. " Recoñecemento da dirección de proxectos fin de carreira como actividade docente e a súa consideración para efectos de P.O.D. "

Apróbase por asentimento.

Documento IV. "Normas de contratación de profesorado".

O Vicerrector de profesorado explica que con respecto á normativa anterior, os principais cambios son os seguintes:

- desaparece o 2% de folgura, debido á escasez de recursos.
- non figuran as materias optativas xerais dentro da carga docente consolidada.
- inclúese a situación económica da área.
- inclúese "tenderase a que tódalas áreas teñan polo menos un profesor consolidable.
- cambiarase a redacción do punto 4.2. (relativo a prazas non consolidables).

O profesor R. Berrocal non está de acordo (e así o manifestou na Comisión de Docencia) cos cambios propostos. Tamén opina que unha terceira parte de docencia de terceiro ciclo debe contarse como consolidable e di que os criterios económicos da Xunta non deben aplicarse área a área.

O profesor Candelas comparte a intervención anterior e bota en falta unha discusión xeral sobre o plan de financiamento da Xunta.

O Sr. Álvarez Moreira fai a seguinte proposta sobre o punto 4.2.

O profesor Corbacho di que as normas deberían ser estables. Non está de acordo co feito de que as transformacións se produzan só unha vez o ano. Di que hai que coñecer o estado económico de cada área.

O profesor Surís pregunta como se encaixa a restricción presupostaria na nosa planificación. Di que para un futuro debate habería que partir de cero e ter en conta, entre outros, o recoñecemento de créditos prácticos, a docencia en terceiro ciclo e o número de horas de docencia dos titulares de Escola Universitaria.

O profesor García Vázquez opina que é necesaria algunha cautela sobre os requisitos dos asociados.

Intervén o Rector para recordar que hai que combinar diñeiro e calidade e que estas normas permitirán encarar un debate presupostario para o ano 2001. Di que na programación plurianual que se presente a finais de ano (2001-2004) se proporán unhas normas de organización docente para 4 anos.

O profesor Pérez Amor fala da falta de dinamismo do Rector porque ese debate que se anuncia debería terse producido en maio de 1999.

O profesor Reigosa está en contra do punto 2.3. (situación económica da área) e anuncia que votará en contra se se mantén. Tamén propón que no punto 2.1.b se faga referencia á parte correspondente de terceiro ciclo.

Acéptase esta última proposta (2.1.b) e sométese a votación se se inclúe ou non o punto 2.3 :

A favor da inclusión	18 votos
En contra	6 votos
Abstencións	4

Mantense o texto.

Sométese a votación a proposta do Sr. Álvarez Moreira de modificación do punto 4.2:

A favor do texto	15 votos
A favor da proposta	10 votos
Abstencións	5

Mantense o texto.

O profesor Corbacho pide que no punto 5.1 se suprima dende" por outra parte" ata o final.

Sométese a votación:

A favor da proposta	3 votos
En contra	14 votos
Abstencións	5

Mantense o texto.

A continuación sométese a votación o documento completo de normas de contratación de profesorado:

A favor	20 votos
En contra	8 votos
Abstencións	4

Apróbase.

Vólvese a tratar o documento II de Docencia en Terceiro Ciclo.

Acéptase incluír no punto 1 o seguinte " para os efectos de persoal consolidable, só contabilizan 5 horas mentres que as 10 horas restantes computaranse para efectos de persoal non consolidable"

Vótase o documento:

A favor	23 votos
En contra	0 votos
Abstencións	6

Apróbanse as normas de organización docente e de contratación do profesorado .
(Anexo II)

O profesor Pérez Amor quere que conste en acta o seguinte:

Quiero que conste en Acta mi voto en contra porque estas Normas de Organización docente son, en lo fundamental, iguales a los aprobados el curso pasado, normas controvertidas y muy criticadas y que fueron la esencia del grandísimo incremento de profesorado y, por tanto, del capítulo I de los presupuestos, y de injusticias comparativas manifiestas que no impusieron una mejora de la calidad docente.

Punto 6. Plano de estudos de Enxeñeiro Técnico en Informática de Xestión.

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Limite de prazas para o curso 2000-2001.

O Vicerrector de Organización Académica explica a proposta aprobada pola COAV. Indica que o número de entrada de 400 refírese o total das catro novas titulacións e se repartirá en 100 para cada unha delas se non chega outra proposta do Centro.

Propónse unha entrada de 100 alumnos en Relacións Laborais co fin de avanzar no camiño da integración.

O profesor Candelas pide que se respecte a proposta do Centro na titulación de Traducción e Interpretación (120 prazas en lugar de 100). Di que a Facultade ten a intención de suspender a proba de acceso.

A profesora Sánchez Trigo apoia esa proposta.

O profesor R. Berrocal ten a opinión de que tendo en conta as restricción do capítulo I, non se debería aumentar o número de entrada con respecto o ano pasado.

O Sr. Gómez Soler está en disconformidade coa existencia de números clausus nunha universidade pública. Propón que non exista límite de prazas en Física e en Historia e que límite de entrada no 2º ciclo de Publicidade e Relacións Públicas sexa 25.

Acéptase a proposta de 120 prazas en Traducción e Interpretación sempre que non se aumente o número de grupos en primeiro curso.

Acéptase a proposta do Sr. Gómez Soler de non por limite de prazas nas titulacións de Física e Historia no Campus de Ourense.

Apróbase por asentimento a proposta de límite de prazas para o curso 2000-2001 (Anexo III).

Punto 8. Normativa de adquisición de material a utilizar na docencia práctica.

O Vicerrector de Docencia e Alumnado di que na documentación omitíuse a folla do anexo I á que se fai referencia no texto. (anexo IV)

Apróbase por asentimento

Punto 9. Retírase.

Punto 10.

O Sr. Álvarez Moreira fai a seguinte intervención:

O Sr. Gómez Soler discrepa cos criterios da Comisión de Extensión Universitaria.

Para aclarar cuestións sobre este tema interveñen o Vicerrector de Extensión Universitaria, o profesor Surís, o Vicerrector de Investigación e o Rector quen lembra que na Comisión hai dous estudantes que deben manifestar alí as súas opinións.

O Sr. Álvarez Moreira quere que conste en acta que, na súa opinión, a Comisión de Extensión Universitaria debería actuar máis consonte coa normativa. Da mesma opinión son os Sres. Carpintero, Gómez Soler e Pérez de Obanos. Este último presenta a súa dimisión como membro da Comisión de Extensión Universitaria.

Punto 11. Modificación da Convocatoria de Accións Participativas e Asociacionismo

"Álvaro de las Casas, do ano 2000 ".

O Rector di que non procede facer esta votación porque o tema xa foi debatido na Xunta de Goberno anterior e houbo ocasión nese momento de presentar emendas.

O Sr. Gómez Soler pide que se amplie o prazo de 10 de marzo para solicitude de axudas (o Vicerrector di que quedará a xuízo da Comisión), que se publique un libro coa convocatoria (indícase que xa está en tódolos Centros e na web).

Punto 12. Rogos e preguntas.

O Sr. Santamaría rógalle ó Rector que non se moleste cando se fan invocacións expresas á Lei, como tamén el as fai, e que retire a cualificación de " Libro de Petete " referido á Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Solicítalle que, no punto " Informe do Rector " dea conta das xestións das que, por Estatutos, está obrigado a informar. Quere que conste en acta a súa felicitación ó prf. Gago pola intervención que fixo no punto 4 e pide que a sesión de hoxe sirva como precedente, para o futuro, no que se refire ao seu bo desenvolvemento.

Por último prega que se engada á acta desta sesión o texto que figure como anexo V.

O Sr. Pérez Betanzos da lectura ó seguinte texto (en representación do profesor Costas):

O profesor Membiela pregunta en qué medida é certa a información sobre o plano de ordenación urban de Ourense na parte que afecta ó Campus. (O Rector responde que se está a recabar tódala información para facer as alegacións oportunas).

O Sr. Álvarez Moreira da lectura ó seguinte escrito:

(Sobre as guías de titulacións o Vicerrector de Docencia e Alumnado, explica que se fixeron as que foron solicitadas polos Centros a partir dunha convocatoria aberta a todos eles. Sobre o problema das prácticas de Química Física, o Rector indica que non fixo falta abrir un expediente e que non volven a haber problemas).

O Sr. Cardador pregunta se hai relación entre o Rectorado e a revista Redacción Xove (o Rector responde que non). Di que a revista manipula as informacións. Prega que se estudie se hai financiamento publicitario da Universidade a esta revista, e , en caso afirmativo, que se retire.

O profesor R. Berrocal pregunta baixo a tutela de qué área se fará o P.O.D. da área de Ciencias da Computación. Roga que se eliminen as pintadas na Facultade de Ciencias que aludían a un profesor.

O Sr. Gómez Soler pregunta cando, se aprobarán as normas de xestión académica (O Vicerrector de Organización Académica di que antes do vindeiro curso académico). Manifesta o seu acordo coa intervención do Sr. Cardador. Pregunta polos cursos da academia ICA e se está prevista a construción dunha Biblioteca Central no Campus de Ourense (respóndeselle que sí, que xa está previsto no orzamento do ano 2000).

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 21 horas do día 3 de marzo de 2000 do que como Secretaria dou fe, co visto e prace do Sr. Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo